

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 28/09/2023(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS
DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. CARLOS COIRA LOJO
DONA SONIA OUTON CASAL
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO
DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ
D. ALVARO CAROU GARCÍA
DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO
DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO
D. JESUS REY RODRIGUEZ
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ
DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO
D. JULIO VARELA CARDALDA
D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ
DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

SECRETARIA
MARIA ROSÁ LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR
MANUEL FRANCO LEIS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 28/09/2023, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 31 de agosto de 2023.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de agosto de 2023.
3. Toma de coñecemento da relación de investimentos municipais subvencionados pola Deputación Provincial de Pontevedra.
4. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
5. Aprobación, se procede, de expediente de modificación de crédito por suplemento de crédito 01/SC/2023 e crédito extraordinario 01/CE/2023, e do cambio de finalidade do financiamento afectado.
6. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

7. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE para integración do Albergue de peregrinos de Carril na Rede Pública de Albergues do Camiño de Santiago en Galicia
8. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PP para un Plan de prevención de inundacións coa limpeza de cunetas, sumidoiros e reixas de pluviais.
9. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PP contra a tramitación dunha lei de amnistía.
10. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal de EU para mellora das instalacións deportivas de FEXDEGA.
11. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
12. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
13. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.
14. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
15. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais Dona Elsa Pérez Fernández, D. Fernando Pérez Quintela e D. Angel Figueiredo Gonzalez utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 31 DE AGOSTO DE 2023.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as

Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21) a acta da sesión anterior de data 31 de agosto de 2023.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230928&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE AGOSTO DE 2023: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

2 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde Obras
2 Autorización instalación barra exterior Festas San Roque
1 Delegación presidencia Comisións Informativas Permanentes
1 Establecemento servizos mínimos folga servizo recollida de lixo
3 Aprobación Pregos de contratación
1 Aprobación liquidación do exercicio de 2022
1 Expediente de modificación de crédito por subvención
3 Expte. De transferencia de crédito
6 Expte. De modificación de crédito por xeración
1 Certificado EJ empregada pública
1 Licenza de tenza de animais perigosos
3 Autorización celebración festas ao aire libre
1 Aboamento servizos prestados en xornada nocturna
1 Deducción de haberes a funcionario municipal
1 Nomeamento persoal eventual comunicación grupo PP
7 Nomeamento funcionarios/as interinos/as
2 Bases selección obradoiro labora Xove 2023
6 Gratificación substitución posto de categoría superior
1 Pagamento Plan de Pensións
1 Remisión expediente responsabilidade patrimonial por recurso contencioso administrativo
1 Estimación fraccionamento
1 Estimación IAE
3 Estimación pagos indebidos
53 Estimación pagos duplicados
3 Estimatoria IBI
1 Estimatoria IVTM
5 Estimatoria recibos
1 Desestimatoria ICIO
9 Estimatoria liquidacións e baixas
3 Estimatoria compensación de débedas
3 Estimatoria/desestimatoria cambio de xestión de ben inmovible
13 Estimatoria rateo no IVTM
2 Estimatoria IIVTNU
1 Bonificación no IBI
13 Estimatoria Taxas e prezos públicos
21 Estimatoria Beneficios Fiscais no IVTM
8 Pagos expedientes
5 Gastos contas bancarias
1 Requirimento execución aval
1 Pagamento préstamo
2 Cambio de titularidade de actividade
1 Celebración festival Revenidas 23
8 Deber de conservación
23 Orde de execución

3 Reposición da legalidade urbanística
1 Modificación obras concedidas
2 Legalización de obras
2 Declaración ineficacia de comunicación previa
15 Licenza de obra maior
1 Licenza de segregación
23 Comunicación previa obras
17 Licenza de obra menor.

TOTAL 291

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230928&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3. TOMA DE COÑECEMENTO DA RELACIÓN DE INVESTIMENTOS MUNICIPAIS SUBVENCIONADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 25 de setembro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da relación de investimentos seguinte:

RELACIÓN DE INVESTIMENTOS SOLICITADOS AO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (Plan Concellos) 2022/2023 (Anualidade 2023) PARA DAR CONTA AO PLENO

Denominación	Liña	Importe	Subvención solicitada á Deputación Provincial	Achega do Concello de Vilagarcía e outras axudas	Data do acordo da Xunta de Goberno Local solicitando a subvención ao POS22/23	Data de Concesión da Subvención
Urbanización da Rúa Ameixeiras	1	75.798,64	58.763,10	17.035,54	15/02/2023	R.P. 18/04/2023

A Comisión queda sabedora.

O Concello queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230928&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

A seguir polo Sr. Alcalde alterase a orde do día do pleno, pasando a tratar a continuación , o asunto que figura co nº 6 (participación cidadá) e o asunto que figura co nº 12 (Moción de Urxencia).

6.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a

través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Están presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:

- D. Anxo Lua Areas, en representación da Asociación Veciñal Outeiro de Sobradelo en relación coa moción urxente presentada polos grupos políticos municipais de PP, BNG e EU relativa á instalación dun transformador en terreos do denominado "Outeiro ou Campo da Festa" de Sobradelo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230928&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- MOCIÓN PRESENTADA POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓN DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, presentándose unha moción conxunta dos Grupos Políticos Municipais do PP, BNG e EU, seguinte:

Moción relativa á instalación dun transformador en terreos do denominado "Outeiro ou Campo da Festa" de Sobradelo

Os Grupos Municipais do BNG, Partido Popular e Esquerda Unida do Concello de Vilagarcía de Arousa, a través dos seus voceiros, Xabier Rodríguez, Ana Granja e Juan Fajardo, presentan para o seu debate en Pleno a seguinte moción introducida por vía de urxencia:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

- A Asociación Outeiro de Sobradelo, actuando en representación dos veciños e veciñas da parroquia, vén de remitirle a estes grupos municipais o seu malestar pola autorización da Alcaldía a UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. para a ubicación dun centro de transformación en superficie na vía pública, concretamente no denominado "OUTEIRO, OU CAMPO DA FESTA", como consecuencia de obras de ampliación da rede

- Dita asociación manifesta que ese espazo é propiedade privada, adquirido hai anos mediante escritura de compravenda.

- Este lugar na actualidade está a ser utilizado de estacionamento de vehículos, e o seu uso como tal, é imprescindible pola gran actividade social que xera a parroquia, como tamén o é, o uso como espazo lúdico – festivo por toda a veciñanza.

- A instalación desta obra, segundo manifestan os representantes legais da asociación, impedirá irremisiblemente os usos actuais que se lle dan a este espazo; e porá en perigo, de persistir na ubicación, a aspiración veciñal de ampliación deste espazo a terreos colindantes, coa finalidade de crear unha praza pública que permitiría aparcamento regulado, o acceso a novos viais de circulación e o desenvolvemento de diversas actividades de lecer.

- A decisión de autorizar a instalación deste transformador, segundo tamén manifestan, tomouse sen diálogo previo coa veciñanza impedindo que aquela puidese coñecer as intencións e plans da compañía de distribución de electricidade.

Por canto antecede, propónse do Pleno da Corporación a adopción o seguinte ACORDO:

1- Que o goberno municipal faga as xestións urxentes e necesarias para REVOGAR ou SUSPENDER a autorización da instalación dunha caseta no lugar do Outeiro en Sobradelo destinada a albergar un transformador de enerxía eléctrica.

2- Que por parte do Goberno municipal se proceda á CONVOCATORIA dunha reunión URXENTE onde estean presentes: representantes da Asociación Outeiro, empresa autorizada da instalación, a empresa NATURGY e propietarios das fincas colindantes, co fin de atopar entre todas/os unha

solución que satisfaga ás partes.

3- Que do acordo acadado neste Pleno, se comunique á Asociación Veciñal Outeiro de Sobradelo.

Vilagarcía a 26 de setembro de 2023

A seguir sométense a votación a declaración de urxencia da Moción citada dando o seguinte o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21) acordase aprobar a declaración de urxencia da moción presentada polos grupos políticos municipais de PP, BNG e EU relativa á instalación dun transformador en terreos do denominado "Outeiro ou Campo da Festa" de Sobradelo.

A seguir intervén D. Anxo Lua Areas en representación da Asociación Veciñal Outeiro de Sobradelo que propón os seguintes cambios no apartado 1 e 2 da moción:

1- Que o goberno municipal faga as xestións urxentes e necesarias para a suspensión da autorización da instalación dunha caseta no lugar do Outeiro en Sobradelo destinada a albergar un transformador de enerxía eléctrica, ata que se consensúe entre as partes unha ubicación definitiva.

2- Que por parte do Goberno municipal se proceda á CONVOCATORIA dunha reunión URXENTE onde estean presentes: representantes da Asociación Outeiro, empresa autorizada da instalación, a empresa NATURGY e propietarios das fincas colindantes e técnicos municipais, co fin de atopar entre todas/os unha solución que satisfaga ás partes.

- Polos grupos políticos municipais que presentaron a moción aceptanse os cambios propostos.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21) acordase aprobar a moción presentada polos grupos políticos municipais de PP, BNG e EU relativa á instalación dun transformador en terreos do denominado "Outeiro ou Campo da Festa" de Sobradelo, cos cambios indicados por D. Anxo Lua Areas:

1- Que se fagan as xestións urxentes e necesarias para a suspensión da autorización da instalación dunha caseta no lugar do Outeiro en Sobradelo destinada a albergar un transformador de enerxía eléctrica, ata que se consensúe entre as partes unha ubicación definitiva.

2- Que se proceda á CONVOCATORIA dunha reunión URXENTE onde estean presentes: representantes da Asociación Outeiro, empresa autorizada da instalación, a empresa NATURGY, propietarios das fincas colindantes e técnicos municipais, co fin de atopar entre todas/os unha solución que satisfaga ás partes.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230928&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

A seguir polo Sr. Alcalde indicase que se vai a proceder a realizar o debate conxunto dos asuntos que figuran cos números 4 e 5 da orde do día e posteriormente se realizará a votación de forma individual.

4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 01/CE/2023 POR UTILIZACIÓN DO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS DE REPARACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL MANUEL JIMÉNEZ. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de setembro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO N°01/CE/2023-FD DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS.

Vista a proposta do Presidente da Fundación de Deportes no que indica a necesidade de acometer actuacións cúa execución nesta anualidade son necesarias e urxentes para a mellora das instalacións municipais no Campo de fútbol Manuel Jiménez necesarias para a correcta prestación dos servizos e atendendo ás necesidades requiridas pola cidadanía.

Visto que ditas actuacións non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e ao obxecto de acometelas o antes posible, non contando con crédito suficiente e/ou axeitado no Orzamento vixente.

Visto que na liquidación do exercicio 2022 obtívose un Remanente líquido de Tesourería para gastos Xerais con signo positivo, e que a suspensión das Regras Fiscais para o exercicio 2023 implica que se pode empregar este remanente para financiar modificacións orzamentarias con destino a financiar calquera tipo de gasto, esta Alcaldía propón destinar ese superávit 2022 a financiar o gasto necesario para acometer as reparacións e melloras na instalación citada.

En consecuencia, propónse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario 01/CE/2023-FD, por importe de 268.979,93€, co seguinte detalle:

1. Altas en aplicacións de gastos:

APLICACIÓN	ecca	Descrición	Orzamento
342	63200	DEPORTES-INVESTIMENTOS REPOSICIÓN EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓNS	268.979,93
Total XERAL			268.979,93

2. Financiamento:

Os medios e recursos que han de financiar o aumento que se propón ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 e 36.1 a) do RD 500/90 é o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais da Liquidación do Orzamento da Fundación de deportes 2022, axustado á baixa, calculado segundo o disposto nos artigos 101 a 104 do RD 500/90, máis os axustes impostos polo Ministerio de Facenda tal e como aparece recollido no propio informe da Intervención municipal á Liquidación 2022.

SEGUNDO: Publicar o acordo plenario de aprobación do expediente de crédito extraordinario N° 01/CE/2023-FD no BOP nos termos do artigo 20 do RD Lei 11/2020, de 31 de marzo, contra o cal poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo.

Vilagarcía de Arousa, na data de sinatura electrónica

A ALCALDESA EN FUNCIONS

Tania García Sanmartín

Sinatura dixitalizada

- Pola voceira do grupo político municipal do PP solicitouse por escrito o remanente líquido de Tesourería e o grao de execución do orzamento de 2022.

- Polo voceiro do grupo político municipal de EU solicitouse o grao de execución do orzamento de 2022 por programas.

Non habendo máis intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de modificación orzamentaria por crédito extraordinario n° 01/CE/2023 por utilización do remanente líquido de Tesourería para gastos de reparación do Campo de Fútbol Manuel Jiménez.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con vinte votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), PP (9) e BNG (2) e unha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1).

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario 01/CE/2023-FD, por importe de 268.979,93€, co seguinte detalle:

1. Altas en aplicacións de gastos:

APLICACIÓN	ecca	Descrición	Orzamento
342	63200	DEPORTES-INVESTIMENTOS REPOSICIÓN EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN	268.979,93
Total XERAL			268.979,93

2. Financiamento:

Os medios e recursos que han de financiar o aumento que se propón ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 e 36.1 a) do RD 500/90 é o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais da Liquidación do Orzamento da Fundación de deportes 2022, axustado á baixa, calculado segundo o disposto nos artigos 101 a 104 do RD 500/90, máis os axustes impostos polo Ministerio de Facenda tal e como aparece recollido no propio informe da Intervención municipal á Liquidación 2022.

SEGUNDO: Publicar o acordo plenario de aprobación do expediente de crédito extraordinario N° 01/CE/2023-FD no BOP nos termos do artigo 20 do RD Lei 11/2020, de 31 de marzo, contra o cal poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230928&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO 01/SC/2023 E CRÉDITO EXTRAORDINARIO 01/CE/2023, E DO CAMBIO DE FINALIDADE DO FINANCIAMENTO AFECTADO. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de setembro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria Proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

MEMORIA PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO N° 01/SC/2023, DE DE CRÉDITO EXTRARORDINARIO N°01/CE/2023 E DO CAMBIO DE FINALIDADE DO FINANCIAMENTO AFECTADO.

Mediante Providencia da Alcaldía incoáronse os seguintes expedientes:

1. Expediente N° 01/SC/2023 de suplemento de crédito por importe de 1.461.215,36€, para atender os gastos e nas aplicacións indicadas a seguir, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais:

1. CRÉDITOS DE PERSOAL:

PROGRAMA	ECONÓMICA	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
132	1200000	SEGURIDADE-RETRIB. BÁSICAS FUNCIONARIOS CARREIRA	70.612,61
135	1200000	EMERXENCIAS-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	18.509,69
150	1200000	XERENCIA URB.-RETRIB. BÁSICAS FUNCIONARIADO	4.033,75
164	1200000	CEMITERIOS-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	1.433,93

165	1200000	ALUMEADO PBLCO.-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	7.808,80
171	1200000	XARDÍNS-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	7.615,69
231	1200000	ACCIÓN SOCIAL-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	5.933,86
241	1200000	FOMENTO EMPREGO-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	2.682,82
320	1200000	PROMO. EDUCATIVA-RETRIBUCIÓN BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	3.155,05
334	1200000	CULTURA-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	9.966,51
432	1200000	TURISMO-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	1.191,69
912	1200000	ÓRG. DE GOBERNO-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	324,56
920	1200000	ADMÓN. XERAL-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	12.629,58
926	1200000	ÁREA DE COMUNIC. SOCIAL-RETRIB. BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	9.974,15
931	1200000	POLIT. ECO. E FISCAL- RETRIB.BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	11.194,64
934	1200000	RECADACIÓN-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	1.618,35
1530	1200000	VÍAS PÚBLICAS - RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	19.354,38
1720	1200000	MEDIO AMBIENTE - RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	3.453,43
2311	1200000	SPAD-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	4.121,53
2312	1200000	IGUALDADE-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	1.841,47
2314	1200000	XUVENTUDE-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	1.006,76
3261	1200000	CONSERVATORIO-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	4.238,44
3262	1200000	ESCOLA DE MÚSICA-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	2.937,29
3321	1200000	BIBLIOTECAS-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	3.170,88
4311	1200000	FEIRAS E COMERCIO-RETRI BÁSICAS FUNC CARREIRA	1.159,64
4312	1200000	MERCADOS-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	6.300,88
9201	1200000	INFORMÁTICA-RETRIBUCIONES BÁSICAS FUNCIONARIOS CARRERA	4.875,26
342	410	FUNDACIÓN DE DEPORTES	68.000,00
			289.145,64

1. GASTO CORRENTE:

Pro.	capitulo	Eco.	Descripción	SUPLEMENTO
011	3	310	DÉBEDA PÚBLICA-XUROS PRÉSTAMOS	248.898,48
011	9	913	DÉBEDA PÚBLICA-AMORTIZ. PRÉSTAMOS	16.096,33
Total 011				264.994,81
133	2	200	ORDEAC. TRAF. E ESTACIONAMENTO-ALLEAM. TERRES E BENS NATU.	8.246,81
Total 133				8.246,81
150	6	640	XERENCIA URB.-PROXECTOS	40.000,00
Total 150				40.000,00
160	2	213	SUMIDOIROS - MAQUINARIA, INSTALACIONES TÉCNICAS Y UTILLAJE	50.000,00
Total 160				50.000,00
161	2	210	SANEMANETO-INFRAESTRUCTURAS E BENS NATURAIS	5.000,00
161	4	489	SANEA., AUGA-BONIFICACIÓN TAXA DEPURACION	7.000,00
Total 161				12.000,00
165	2	22100	ALUMADO PÚBLICO-ENERXÍA ELÉCTRICA	30.000,00
Total 165				30.000,00
171	2	210	XARDÍNS-INFRASTRUC. E BENS NATURAIS	40.000,00
Total 171				40.000,00
241	2	22103	FOMENTO EMPREGO-COMBUSTIBLES E CARBURANTES	25.000,00
Total 241				25.000,00
311	2	22709	ACCIÓN PÚB. SAÚDE-DESRAZIZACIÓN, ETC.	5.000,00
Total 311				5.000,00
320	2	22100	PROMO. EDUCATIVA-ENERXÍA ELÉCTRICA	20.000,00
320	4	48003	EDUCACIÓN-AXUDAS PBLCAS. AO ESTUDO,/COMEDOR,/TRANSPORTE	10.000,00
Total 320				30.000,00
334	2	213	CULTURA-MAQUINA. INSTAL. E UTIL.	7.420,29
334	2	22100	CULTURA-ENERXÍA ELÉCTRICA	35.000,00
334	4	48201	CULTURA-TRANSF. CTES. A ENTIDADES CULT.	5.000,00
Total 334				47.420,29
338	2	22799	FESTAS POPU. E FESTEXOS-OUTROS TRABALLOS EMPR. E PROFE.	45.136,37

Total 338				45.136,37
432	2	215	TURSIMO-MOBILIARIO	30.000,00
Total 432				30.000,00
454	2	22199	CAMIÑOS MEDIO RURAL-OUTROS SUBMINISTROS	15.000,00
Total 454				15.000,00
459	2	213	OUTRAS INFRAESTRUCTURAS-MAQUI., INST. TÉCNICAS E UTI.	10.000,00
Total 459				10.000,00
912	2	233	ÓRG. GOBERNO-OUTRAS INDEMNIZACIÓNS	20.000,00
Total 912				20.000,00
920	2	212	ADMÓN. XERAL-REPAR.EDIF. E OUTRAS CONSTRUC.	40.000,00
920	2	215	ADMON. XERAL- REPOSICIÓN, MANT. MOBILIARIO	20.000,00
920	2	22100	ADMÓN. XERAL.-ENERXÍA ELÉCTRICA	20.000,00
920	2	22200	ADMÓN. XERAL.-TELECOMUNICACIÓNS	10.000,00
920	2	22201	ADMÓN. XERAL.-POSTAIS	50.000,00
920	2	22604	ADMÓN. XERAL.-XURÍDICAS E CONTENCIOSOS	10.000,00
Total 920				150.000,00
926	2	22602	ÁREA COMUNIC.SOCIAL-PUBLICIDADE E PROPAGANDA	20.000,00
Total 926				20.000,00
931	2	22708	POLÍT. ECO. E FISCAL-SERVIZOS DE RECA. A FAVOR DA ENTIDADE	20.000,00
Total 931				20.000,00
934	3	359	OTROS GASTOS FINANCIEROS	8.271,44
Total 934				8.271,44
943	4	46300	TRANSF. A OUTRAS EE.LL.-TRANSF. CRRTES. A MANCOMUNIDADES	52.000,00
Total 943				52.000,00
1530	2	22103	VÍAS PÚBLICAS - COMBUSTIBLES Y CARBURANTES	60.000,00
Total 1530				60.000,00
1720	2	210	MEDIO AMBIENTE - INFRAESTRUCTURAS E BENS NATURAIS	30.000,00
Total 1720				30.000,00
1722	2	22700	PRAIAS-LIMPEZA E ASEO	6.000,00
Total 1722				6.000,00
2312	2	22610	IGUALDADE-ACTIVIDADES	6.000,00
Total 2312				6.000,00
2313	2	22610	PERSOAS MAIORES-ACTIVIDADES	6.000,00
Total 2313				6.000,00
2314	2	22610	XUVENTUDE-ACTIVIDADES	12.000,00
2314	4	48100	XUVENTUDE-PREMIOS	1.000,00
Total 2314				13.000,00
3261	2	22100	CONSERVATORIO-ENERXÍA ELÉCTRICA	5.000,00
Total 3261				5.000,00
4311	4	470	FEIRAS E COMERCIO-SUBVENCIONS A EMPRESAS	38.000,00
Total 4311				38.000,00
4312	2	22700	MERCADOS-LIMPEZA E ASEO	20.000,00
Total 4312				20.000,00
9201	2	216	INFORMÁTICA- REP. EQUIPOS PROC. INFORM.	15.000,00
9201	2	22002	INFORMÁTICA-MATERIAL INFORMÁTICO	15.000,00
9201	2	22706	INFORMÁTICA-ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS.	35.000,00
Total 9201				65.000,00
Total general				1.172.069,72

2. Expediente N° 01/CE/2023 de crédito extraordinario por importe de 641.590,88€, para atender os gastos derivados das actuacións que a seguir se indican, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais:

APLIC.	PROXECTO	DENOMINACIÓN	CREDITO	CREDITO
--------	----------	--------------	---------	---------

PRESUPOSTARIA				DISPONIBLE	EXTRAORDINARIO
132	61900	ALTA PROXECTO	PINTADO PASOS DE PEÓNS NO CENTRO URBANO	0	18.000,00
160	61900	ALTA PROXECTO	MELLORA SANEAMENTO A GALUFA	0	23.945,83
160	61900	ALTA PROXECTO	REDE SANEAMENTO AS CAROLINAS	0	48.168,97
160	61900	ALTA PROXECTO	RECOLLIDA PLUVIAIS CAMAPANARIO-BAMIO	0	66.789,60
165	633	ALTA PROXECTO	ALUMEADO BOMBAS CEA RÍO, CASTRAGUDIN E A CONCHA	0	14.520,00
165	633	ALTA PROXECTO	ALUMEADO POSTES Y LUMINARIAS	0	17.787,00
171	61900	ALTA PROXECTO	VALLADO PISTAS DEPORTIVAS CARRIL E TRABANCA-BADIÑA	0	18.150,00
171	61900	ALTA PROXECTO	PISTA FUTBOL- SALA URBANIZ. GAIVOTA	0	21.296,00
336	61900	ALTA PROXECTO	ACONDICIONAMENTO E RESTAURACIÓN LAVADOIRO VILAXOÁN	0	4.502,75
338	62300	ALTA PROXECTO	EQUIPAMENTO POBOADOS NOITE MEIGA	0	15.000,00
342	62400	ALTA PROXECTO	FURGÓN FUNDACIÓN DEPORTES	0	33.908,42
342	63200	ALTA PROXECTO	REPARACIÓN CAMPO FUTBOL BAMIO-TELLADO, VESTIARIOS	0	33.266,28
342	63200	ALTA PROXECTO	RENOVACIÓN CORREDORES SALTO LONXITUDE E TRIPLA PISTA ATLETISMO	0	45.516,48
342	63200	ALTA PROXECTO	PROXECTADO PAVILLÓN GUILLÁN	0	15.093,00
454	61900	ALTA PROXECTO	PLAN DE REPARACIÓN DO FIRME DE VIAIS RURAIS MUNICIPAIS DETERIORADOS POLAS RAÍCES DAS ARBORES	0	46.551,06
454	61900	ALTA PROXECTO	SINALIZACIÓN HORIZONTAL CAMIÑOS RURAIS	0	18.000,00
920	63200	ALTA PROXECTO	DERRAMA FACHADA EDIFICIO LICEO	0	45.000,00
1530	61900	ALTA PROXECTO	MURO RÚA AQUILINO IGLESIAS	0	20.000,00
1530	61900	ALTA PROXECTO	MELLORA CAPA RODADURA RÚA CONCEPCIÓN ARENAL	0	21.521,19
1530	61900	ALTA PROXECTO	REPARACIÓN ASFALTADO RÚAS SAN ROQUE, DR. CARÚS E RECIÑA ROSALÍA DE CASTRO.	0	49.000,00
1530	61900	ALTA PROXECTO	PLAN DE IMPLANTACIÓN DE REDUCTORES DE VELOCIDADE EN VIAIS MUNICIPAIS CENTRO URBANO Y RURAL	0	47.574,30
1530	62500	ALTA PROXECTO	MOBILIARIO URBANO	0	18.000,00
					641.590,88

3. expediente N° 01/CF/2023 de modificación de finalidades no financiamento afectado derivado de operacións de préstamo xa ingresadas e concertadas no seu día para o financiamento dos diferentes Anexos de Inversións dos exercicios 2020, 2021 e 2022 por importe de 70.234,82€, coa conseguinte modificación do Anexo de Inversións, que a seguir se indican:

APLIC. PRESUPOSTARIA	PROXECTO	DENOMINACIÓN	SALDO DISPONIBLE	CAMBIO FINALIDADE
9201	64100	2020 2 PREST 20	RENOVACIÓN SOFTWARE SERVICIOS MUNICIPAIS	6,05
161	61900	2020 2 PREST 21	ACTUACIÓN SANEAMENTO MIRAMAR	419,63
9201	62600	2021 2 PREST 16	HARDWARE SERVICIOS MUNICIPAIS	121,56
134	61900	2021 2 PREST 3	1ª FASE CAMIÑOS ESCOLARES	8.068,48
160	61900	2022 2 PREST 10	AMPLIACIÓN REDE SANEAMENTO E PLUVIAIS TRAMO RÚA CARBALLO EN CEA	279,45

160	61900	2022 2 PREST 12	AMPLIACIÓN REDE SANEAMENTO E PLUVIAIS EN RÚA PICA E TRAMO TRAV. VEIGA DO MAR EN VILAXOÁN	346,22	346,22
160	61900	2022 2 PREST 13	AMPLIACIÓN REDE PLUVIAIS NA RÚA CASTIÑEIRO	121,00	121,00
164	61900	2022 2 PREST 14	CONSTRUCCIÓN BLOQUES DE NICHOS	607,59	607,59
432	63200	2022 2 PREST 21	REFORMA MUSEO FERROCARRIL	1.721,00	1.721,00
454	61900	2022 2 PREST 22	MURO CONTENCIÓN ENTRE RÚA SOUTO ARRIBA E RÚA CENTRO EN CASTROAGUDIN	32.428,84	32.428,84
920	64100	2022 2 PREST 23	APLICACIÓN INVENTARIO DE BENS	12.200,00	12.200,00
926	62300	2022 2 PREST 24	PLOTTER	13.915,00	13.915,00
				70.234,82	70.234,82

4. expediente N° 02/CE/2023 de crédito extraordinario por importe de 70.234,82€, financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicación do orzamento vixente, para atender os gastos derivados dos Proxectos e nas aplicacións que a seguir se indican:

APLIC. PRESUPOSTARIA	PROXECTO	DENOMINACIÓN	CREDITO DISPOÑIBLE	CREDITO EXTRAORDINARIO	IMPORTE CAMBIO FINALIDADE
342	62300	ALTA PROXECTO 6 Deshumidificadores instalaciones deportivas	0,00	10.345,50	10.345,50
459	63200	ALTA PROXECTO Renovación ascensor do paso da Escardia	0,00	59.889,32	59.889,32
				70.234,82	70.234,82

O que se pretende con estes expedientes é dar cobertura ás necesidades de crédito existentes neste intre no orzamento para atender os incrementos de prezos do mercado así como o maior gasto de persoal polos incrementos salariais establecidos na normativa e o maior gasto financeiro provocado pola subida dos xuros e comisións bancarias.

A maiores trátase de dar cobertura a actuacións necesarias e urxentes en infraestruturas e instalacións municipais para unha correcta prestación dos servizos e tamén en atención ás necesidades requiridas pola cidadanía.

En todo caso, trátase de gastos para os que se precisa consignación orzamentaria á maior brevidade posible por estar relacionados con servizos básicos ou para dar cobertura ao gasto xa realizado e de carácter corrente que se prevé realizar nesta última parte do ano.

Visto que na liquidación do exercicio 2022 obtívose un Remanente líquido de Tesourería para gastos Xerais con signo positivo, e que a suspensión das Regras Fiscais para o exercicio 2023 implica que se pode empregar este remanente para financiar modificacións orzamentarias con destino a financiar calquera tipo de gasto, esta Alcaldía propón destinar ese superávit 2022 a financiar crédito que ampare o gasto derivado dos incrementos de custes tanto no que se refire a gasto de persoal como gastos corrente así como determinados investimentos.

No que se refire ao expediente de cambio de finalidade, trátase de usar unha pequena parte dos sobrantes de proxectos que proceden dos Anexos de investimentos dos exercicios 2020, 2021 e 2022, que foron financiados no seu día mediante endebedamento e que constitúen un recurso que pode financiar os aumentos e cambios que se propoñen.

En consecuencia, esta Alcaldía, co obxecto de atender os compromisos anteriormente descritos propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente N° 01/SC/2023 de suplemento de crédito por importe de 1.461.215,36€, para atender os gastos e nas aplicacións indicadas no PUNTO 1 desta proposta, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente N° 01/CE/2023 de crédito extraordinario por importe de 641.590,88€, para atender os gastos derivados das actuacións indicadas no PUNTO 2, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais

TERCEIRO: Aprobar o expediente n° 01/CF/2023 de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de 70.234,82€, segundo o detalle que consta no PUNTO 3 desta proposta, o que suporá baixas de créditos de gastos nas aplicacións e para os proxectos indicados.

CUARTO: Aprobar inicialmente o expediente N° 02/CE/2023 de crédito extraordinario por importe de 70.234,82€, financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicación do orzamento

vixente, para atender os gastos derivados dos Proxectos e nas aplicacións indicadas no PUNTO 4 desta proposta.

QUINTO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 e 36.1 a) do RD 500/90 SON:

- Para os expedientes nº 01/SC/2023 E Nº 01/CE/2023, o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais axustado á baixa, calculado con arreglo ao disposto no establecido nos artigos 101 a 104 do RD 500/90, máis os axustes impostos polo Ministerio de Facenda tal e como aparece recollido no propio informe da Intervención municipal á Liquidación 2022, nun total de 2.080.303,49€
- No caso do expediente Nº 02/CE/2023 financiase coas Baixas de crédito de Proxectos de gasto con modificación do seu financiamento, é dicir, aos que se lle cambia a finalidade do financiamento afectado, procedente de operacións de préstamo afectas ao financiamento de proxectos engadidos nos Anexos de Investimentos dos exercicios 2020, 2021 e 2022 que se recollen no expediente Nº 01/CF/2023 e cun importe de 70.234,82€.

SEXTO: Modificar o Anexo de Investimentos que deberá incorporar a distribución de financiamento afectado para os novos proxectos de gasto.

SETIMO: Expoñer ao público os expedientes indicados, mediante anuncio no BOP por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Dada a urxencia que revisten todas as actuacións que pretenden acometerse coas modificacións propostas, farase uso da excepción prevista na base nº 10 das BEO de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

OITAVO: Unha vez aprobados definitivamente os expedientes sinalados, serán insertados e resumidos por capítulos no BOP. Ademais, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Vilagarcía de Arousa, na data de sinatura electrónica

A ALCALDESA EN FUNCIONES

Tania García Sanmartín

Sinatura dixitalizada

- Pola voceira do grupo político municipal do PP solicitouse por escrito o remanente líquido de Tesourería e o grao de execución do orzamento de 2022.

- Polo voceiro do grupo político municipal de EU solicitouse o grao de execución do orzamento de 2022 por programas.

Non habendo máis intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e BNG informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de modificación de crédito por suplemento de crédito 01/SC/2023 e crédito extraordinario 01/CE/2023, e do cambio de finalidade do financiamento afectado.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9) e BNG (2) e dez abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP(9) e EU (1),

ACÓRDASE Por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente N° 01/SC/2023 de suplemento de crédito por importe de 1.461.215,36€, para atender os gastos e nas aplicacións indicadas no PUNTO 1 desta proposta, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente N° 01/CE/2023 de crédito extraordinario por importe de 641.590,88€, para atender os gastos derivados das actuacións indicadas no PUNTO 2, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais

TERCEIRO: Aprobar o expediente n° 01/CF/2023 de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de 70.234,82€, segundo o detalle que consta no PUNTO 3 desta proposta, o que suporá baixas de créditos de gastos nas aplicacións e para os proxectos indicados.

CUARTO: Aprobar inicialmente o expediente N° 02/CE/2023 de crédito extraordinario por importe de 70.234,82€, financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicación do orzamento vixente, para atender os gastos derivados dos Proxectos e nas aplicacións indicadas no PUNTO 4 desta proposta.

QUINTO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 e 36.1 a) do RD 500/90 SON:

- Para os expedientes n° 01/SC/2023 E N° 01/CE/2023, o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais axustado á baixa, calculado con arreglo ao disposto no establecido nos artigos 101 a 104 do RD 500/90, máis os axustes impostos polo Ministerio de Facenda tal e como aparece recollido no propio informe da Intervención municipal á Liquidación 2022, nun total de 2.080.303,49€
- No caso do expediente N° 02/CE/2023 financíase coas Baixas de crédito de Proxectos de gasto con modificación do seu financiamento, é dicir, aos que se lle cambia a finalidade do financiamento afectado, procedente de operacións de préstamo afectas ao financiamento de proxectos engadidos nos Anexos de Investimentos dos exercicios 2020, 2021 e 2022 que se recollen no expediente N° 01/CF/2023 e cun importe de 70.234,82€.

SEXTO: Modificar o Anexo de Investimentos que deberá incorporar a distribución de financiamento afectado para os novos proxectos de gasto.

SETIMO: Expoñer ao público os expedientes indicados, mediante anuncio no BOP por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Dada a urxencia que revisten todas as actuacións que pretenden acometerse coas modificacións propostas, farase uso da excepción prevista na base n° 10 das BEO de forma que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

OITAVO: Unha vez aprobados definitivamente os expedientes sinalados, serán insertados e resumidos por capítulos no BOP. Ademais, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230928&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE PARA INTEGRACIÓN DO ALBERGUE DE PEREGRINOS DE CARRIL NA REDE PÚBLICA DE ALBERGUES DO CAMIÑO DE SANTIAGO EN GALICIA: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 25 de setembro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE coa data de 19 de setembro de 2023, do seguinte teor:

MOCIÓN: INTEGRACIÓN DO ALBERGUE DE PEREGRINOS DO CARRIL NA REDE PÚBLICA DE ALBERGUES DO CAMIÑO DE SANTIAGO EN GALICIA

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

O Partido Socialista incluíu no seu programa electoral e de goberno ás eleccións municipais do 2019 a creación dun Albergue de Peregrinos no Carril, recuperando unha edificación existente e pretendendo favorecer o impulso turístico de Vilagarcía e do Carril, así como a xeración e dinamización económica do entorno. Unha promesa coa que o goberno municipal cumpriu.

Vilagarcía de Arousa forma parte dos itinerarios culturais, como a Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla (itinerario oficial do camiño de Santiago), así como da Variante Espiritual A Orixe de Todos os Camiños, motivos que refrendan a importancia da creación de infraestruturas turísticas como o Albergue de Peregrinos no Carril, sendo ademais un excepcional mirador a un dos principais atractivos da cidade como é a Illa de Cortegada, integrada no Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Froito deste compromiso, o goberno local acometeu os trámites necesarios para facelo realidade, realizando un investimento de máis de 600.000 euros, para poñelo a disposición da Xunta de Galicia, sendo un dos escasos exemplos en Galicia nos que a administración local realiza unha inversión destas características para un albergue público, en lugar de realizalo a administración autonómica.

Malia o compromiso inicial acadado polo goberno municipal da Xunta de Galicia para incluír o Albergue de Peregrinos do Carril na Rede Pública de Albergues do Camiño de Santiago en Galicia, o certo é que desde o pasado mes de novembro, data no que o Concello de Vilagarcía de Arousa iniciou os trámites para a desexada apertura do albergue, a Xunta de Galicia non deu nin solución nin contestación, a pesar dos múltiples requerimentos realizados, tanto por escrito como telefónicos.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal socialista somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia e á Dirección de Turismo de Galicia a resolver favorablemente a inclusión do Albergue de Peregrinos do Carril na Rede Pública de Albergues do Camiño de Santiago en Galicia e dotalo do mobiliario e persoal necesario para a súa apertura á maior brevidade posible.
2. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e á Dirección de Turismo de Galicia.

Vilagarcía de Arousa, 18 de setembro de 2023

Tania García Sanmartín

Voceira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo polo grupo político municipal do PSG-PSOE para integración do Albergue de peregrinos de Carril na Rede Pública de Albergues do Camiño de Santiago en Galicia.

Dáse conta da emenda presentada polo grupo político municipal do PP para substituír o apartado 1 da proposta de acordo da moción polo seguinte:

1. Instar á Xunta de Galicia e á Dirección de Turismo de Galicia a resolver favorablemente a inclusión do Albergue de Peregrinos do Carril na Rede Pública de Albergues do Camiño de Santiago en Galicia e dotalo do mobiliario e persoal necesario para a súa apertura, unha vez sexan emendadas as deficiencias detectadas polo técnicos da Sociedade de Xestión do Plan Xacobeo e unha vez que, previa inspección en colaboración co persoal do Concello de Vilagarcía de Arousa, se certifique que cumpre con todos os requisitos do resto dos albergues da Rede Pública de Albergues do Camiño de Santiago de Galicia.

O grupo político municipal do PSG-PSOE non acepta a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1) e nove abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (9).

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE e:

1. Instar á Xunta de Galicia e á Dirección de Turismo de Galicia a resolver favorablemente a inclusión do Albergue de Peregrinos do Carril na Rede Pública de Albergues do Camiño de Santiago en Galicia e dotalo do mobiliario e persoal necesario para a súa apertura á maior brevidade posible.
2. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e á Dirección de Turismo de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230928&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA UN PLAN DE PREVENCIÓN DE INUNDACIÓNS COA LIMPEZA DE CUNETAS, SUMIDOIROS E REIXAS DE PLUVIAIS. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 25 de setembro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 19 de setembro de 2023, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 31 de agosto de 2023 a seguinte MOCIÓN:

Plan de prevención de inundacións coa limpeza cunetas, sumidoiros e reixas pluviais

EXPOÑEN

Unha vez rematado o verán, coa chegada do outono e do inverno regresarán as choivas intensas. As abundantes precipitacións soen provocar inundación e riadas coas graves consecuencias que iso conleva para os veciños e para os negocios de Vilagarcía. Estas condicións provocan que se as nosas canalizacións non están correctamente limpas e preparadas para que a auga flúa, as augas acaban inundando as rúas e provocando riadas.

Os episodios de inundacións son constantes na nosa vila nos últimos anos debido das choivas intensas e seguimos sufrindo as mesmas consecuencias, o que pon en evidencia as eivas que sofre Vilagarcía en materia de mantemento e infraestruturas.

En previsión a esta situación, dende o grupo municipal do Partido Popular consideramos esencial que se comece dende este mes a limpar todas as cunetas, sumidoiros e reixas de pluviais. A limpeza de todos estes condutos é vital para favorecer a fluidez da auga e influír o menos posible en que se provoquen inundacións, riadas ou calquera outro problema que os atascos destas canalizacións provocan na vila.

Nos últimos anos, as protestas da veciñanza son cada vez máis comúns por problemas derivados das inundacións. Hai zonas como Aralde, a rúa da Coca ou a Rúa da Torre de Guillán, cuxos veciños están todos os anos denunciando as inundacións que se producen nas súas vías. De aí que sexa aínda máis importante ter especial coidado coas zonas que habitualmente son máis propensas a sufrir inundacións.

Aparte das dificultades de mobilidade, a veciñanza sofre cada ano o anegamento das súas vivendas ou garaxes, así como de numerosas rúas en todo o termo municipal. Ao que habería que engadir ademais as numerosas perdas que estas situacións provocan nos negocios de

Vilagarcía.

Dado que a evidencia científica amosa que este tipo de episodios de precipitacións produciranse cada vez con maior frecuencia, intensidade e impredecibilidade e tendo en conta ademais que Vilagarcía xa de por si presenta unhas características topográficas que aumentan o risco de sufrir inundacións, consideramos necesario e prioritario que o Concello actúe para minimizar na medida do posible os efectos desta problemática.

Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular solicita ao pleno municipal:

- Que se comece dende este mes a limpar todas as reixas de pluviais, sumidoiros, cunetas ou outro tipos de condutos cuxa falta de limpeza poidan aumentar o risco de inundacións.
- Que se estuden as características das zonas que presentan potencial risco de inundación en todo o termo municipal de Vilagarcía de cara a acometer as actuacións que deben ser levadas a cabo para atallar esta problemática.

Ana Granja – Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo grupo político municipal do PP para un Plan de prevención de inundacións coa limpeza de cunetas, sumidoiros e reixas de pluviais.

Polo grupo político municipal do PSG-PSOE presentase a seguinte emenda de adición:

- Instar a Augas de Galicia á limpeza e conservación dos ríos e regatos da nosa localidade.

Polo grupo político municipal do PP aceptase a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa emenda presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP coa emenda presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE e:

- Que se comece dende este mes a limpar todas as reixas de pluviais, sumidoiros, cunetas ou outro tipos de condutos cuxa falta de limpeza poidan aumentar o risco de inundacións.
- Que se estuden as características das zonas que presentan potencial risco de inundación en todo o termo municipal de Vilagarcía de cara a acometer as actuacións que deben ser levadas a cabo para atallar esta problemática.
- Instar a Augas de Galicia á limpeza e conservación dos ríos e regatos da nosa localidade.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230928&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP CONTRA A TRAMITACIÓN DUNHA LEI DE AMNISTÍA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de setembro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 19 de setembro de 2023, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 31 de agosto de 2023 a seguinte MOCIÓN:

Contra a tramitación dunha lei de amnistía

EXPOÑEN

O 15 de outubro de 1977 o Congreso dos Deputados aprobou a Lei de Amnistía que seguiu o principio de reconciliación nacional que guiou a nosa Transición á democracia. A amnistía era unha demanda social e unha necesaria e imprescindible impugnación do ordenamento xurídico da ditadura. Foi un dos instrumentos cos que se puxo punto final á represión que sufriu unha parte da sociedade española e un dos grandes acordos que consolidaron o noso camiño á democracia.

Durante a tramitación da Constitución de 1978 debateuse a cuestión da amnistía, xa que se presentaron dúas emendas para que as Cortes Xerais puidesen ter esa competencia. As emendas foron rexeitadas e, pola contra, aprobouse o artigo 62 que prohibe indultos xerais. É dicir, o perdón -que si existe no noso ordenamento e que está regulado na Lei do Indulto-, debe ser sempre individualizado e nunca con carácter xeral.

Nunha democracia europea consolidada, como é a española de 2023, unha amnistía, ademais, atenta contra algúns dos principios básicos do Estado de Dereito como son a exclusividade do poder xudicial para xulgar e facer executar o xulgado, a igualdade na aplicación da lei e a seguridade xurídica. Nin o lexislador nin o poder executivo poden arrogarse a facultade de declarar inmune a un grupo de persoas, borrar os seus delitos e mesmo evitar que sexan xulgados como calquera outro cidadán. Todo iso ademais mentres que tanto o Tribunal de Xustiza da UE como o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos teñen pendente resolucións referidas á cuestión, sobre a que se expón a posible amnistía e que afectan a España.

En 2017 produciuse un intento de insurrección por parte dos poderes públicos de Cataluña contra a orde Constitucional. A reacción do Estado de Dereito foi a aplicación do artigo 155 da Constitución e a posta en marcha dos instrumentos penais contra os seus impulsores.

O Tribunal Supremo condenou aos seus principais líderes a penas de entre 9 e 13 anos por sedición e malversación. Algúns dos seus principais responsables fuxiron ao estranxeiro. Desde entón tratan de evitar a acción dos Tribunais españois e europeos. Non foi o único que o fixo. O pasado 5 de setembro Puigdemont condicionou a gobernabilidade de España a, entre outras cuestións, a aprobación dunha Lei de Amnistía que favoreza, entre outros, aos procesados polo referendo ilegal de 2017, en ocasións por feitos dunha violencia extrema.

Non é a primeira vez que se expón esta cuestión. Xa en 2021 rexistrouse unha iniciativa destas características no Congreso e os Letrados emitiron un informe contundente contrario á súa tramitación. Ademais, tanto Pedro Sánchez como ministros do seu Goberno, Juan Carlos Campo, Fernando Grande Marlaska e Carmen Calvo, entre outros moitos dirixentes socialistas, afirmaron no pasado a inconstitucionalidade dunha posible amnistía.

Os feitos xurídicos seguen igual, pero cambiaron as circunstancias políticas. Pedro Sánchez, nun intento desesperado por conservar a Presidencia do Goberno, abriuse a que se poida tramitar unha Proposición de Lei. Ademais de supoñer unha inconstitucionalidade flagrante, de novo preténdese utilizar un atallo para evitar os controis de legalidade do CGPJ, a Fiscalía e o Consello de Estado.

O prezo da presidencia non sería só exculpar centenas de delitos senón deslexitimar o Estado de Dereito e branquear e considerar a lexitimidade da sedición que levou a cabo. En definitiva, un inasumible prezo político para calquera gobernante decente e que a falta de rexeitamento explícito e contundente por parte do Goberno está a causar unha profunda conmoción social.

Por todo iso, o Grupo Popular no Concello de Vilagarcía, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1. Rexeitar calquera tipo de amnistía ou indulto xeneralizado para calquera grupo de cidadáns, calquera que sexa o seu delito.
2. Considerar que o imperio da lei é a expresión da vontade popular, tal e como establece o preámbulo da Constitución, e compromete a todos os poderes para o seu cumprimento.
3. Animar aos dous partidos maioritarios a buscar acordos de Estado que eviten que a sociedade española véxase sometida ás condicións ilegais de partidos independentistas.

4. Dar traslado destes acordos a Presidencia do Goberno, á Vicepresidencia primeira e ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, á Vicepresidencia segunda e ministerio de Traballo e Economía Social, ao ministerio de Política Territorial, e aos portavoces parlamentarios no Congreso e o Senado; e tamén á Xunta de Goberno da FEMP.
Ana Granja – Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

A persoa representante do grupo político municipal de EU informa desfavorablemente.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP contra a tramitación dunha lei de amnistía.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con nove votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PP (9) e doce votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal do PP contra a tramitación dunha lei de amnistía.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230928&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU PARA MELLORA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE FEXDEGA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 25 de setembro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Esquerda Unida coa data de 21 de setembro de 2023, do seguinte teor:

O Voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida, ao amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte Moción.

MELLORA INSTALACIÓNS DEPORTIVAS FEXDEGA

Exposición de Motivos.

Vilagarcía é un concello caracterizado polo dinamismo e iniciativa social en materia deportiva. Así, son centos os nenos e nenas que practican deporte federado na nosa vila. A promoción da práctica deportiva é un dos factores que inflúen de forma moi positiva na calidade de vida, polo que a súa promoción debe ser un dos obxectivos das administracións públicas, nomeadamente da Administración local.

Durante o mes de setembro, o goberno local, iniciou as obras de remodelación do pavillón de Fontecarmona, o que supón unha reordenación do resto de instalacións deportivas municipais para dar acollida aos eventos e adestramentos que se realizaban nesa instalación.

A falta de planificación e a improvisación do goberno local, e da concellaría de deportes, fixo que unha parte importante desa redistribución recaese no recinto de Fexdega, así este recinto acolle numerosos adestramentos dos nenos e nenas de Vilagarcía, sen garantir un mínimo de calidade, seguridade e aptitude para a función que debe desempeñar.

Unha instalación que debería ser unha oportunidade para distinguir a Vilagarcía e para dotar de un centro deportivo multifuncional, céntrico e con enorme capacidade, convertiuse pola contra nun risco para os usuarios, e unha imaxe bochornosa para o noso concello.

As pistas de baloncesto presenta un aspecto lamentable, profundamente deterioradas e con risco para integridade física dos deportistas. Durante o anterior mandato o goberno local dixo que tiña a disposición dúas novas pistas sintéticas que solucionarían estes problemas, hoxe estas pistas seguen sen aparecer, e diariamente os usuarios de Fexdega afrontan o risco de lesións pola situación das pistas, que non reúnen os mínimos para a práctica deportiva con dignidade.

Ademáis, vimos de coñecer que o goberno local vai utilizar os remanentes do último ano para reformar numerosas instalacións deportivas, esquecendo o seu compromiso de dignificar Fexdega polo que Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal de Esquerda Unida, propón a adopción dos seguintes Acordos:

O concello de Vilagarcía acometerá a maior brevidade posible a instalación de novas superficies deportivas nas instalacións Fexdega, substituíndo as actuais, de forma que se garanta a calidade das mesmas e a seguridade dos usuarios.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal de EU informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo grupo político municipal de EU para mellora das instalacións deportivas de FEXDEGA.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de EU e acometer a maior brevidade posible a instalación de novas superficies deportivas nas instalacións Fexdega, substituíndo as actuais, de forma que se garanta a calidade das mesmas e a seguridade dos usuarios.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230928&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230928&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- RESPOSTA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as respóndense ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230928&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

- Polo grupo político municipal do BNG presentouse por rexistro de entrada WEB2023006559, de data 18 de setembro de 2023 o seguinte ROGO: que o o goberno municipal, a través da representación que exerce no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía, entable conversas con dito Ente público para a habilitación temporal de espazos de estacionamento na zona portuaria da súa competencia, preferentemente para o persoal que alí desenvolve as súas actividades. Do mesmo xeito, e coa finalidade de desconxestionar o tráfico de saída das instalacións portuarias, que se lle permita a dito persoal traballador o abandono das mesmas polo acceso Norte, a carón dos antigos depósitos de auga, fronte ao ximnasio.

O Concello Pleno queda sabedor e que se remita o escrito á Autoridade Portuaria, Policía Local e aos representantes do Concello no Consello de Administración da Autoridade Portuaria: D. Lino Mouriño Santiago e Dona Ana M^a Granja Guillán.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230928&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte do público asistente non se formulan rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20230928&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:40, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.